



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Economía: Principios de economía

Materia	Economía: Principios de economía			
Código	003G081V01201			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Economía aplicada			
Coordinador/a	Caride Estevez, María José			
Profesorado	Caride Estevez, María José Picos Sánchez, Fidel			
Correo-e	mcaride@uvigo.es			
Web				

**Descrición xeral** - A materia adecúase ao perfil profesional e académico ao contribuír á formación básica do alumno no campo da Economía, presente en numerosos aspectos no ámbito do Dereito. Polo tanto, debido ao seu carácter básico, proxéctase en múltiples campos profesionais do Dereito, mais non cabe dúbida de que terá máis repercusión naqueles campos máis próximos á Economía tales como avogacía especializada no ámbito mercantil, financeiro ou laboral, rexistradores da propiedade, notarios, funcionarios do Ministerio de Economía e Facenda, etc.

- A materia ten 6 créditos ECTS e posúe carácter obrigatorio. Cúrsase en 1º de Dereito, no 1º cuadrimestre. Inicia o alumno nos aspectos económicos, xa teñan estes natureza microeconómica ou macroeconómica. Ten claramente unha relación de complementariedade con outras materias deste Grao, como por exemplo: Contabilidade, Dereito Mercantil, Dereito financeiro e Tributario e Dereito Laboral.

## Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
C13	CE13 - Coñecer os principios de funcionamento que rexen nunha economía de mercado, comprender o comportamento dos distintos axentes económicos e coñecer os principais problemas económicos
C14	CE14 - Ser capaz de utilizar os principios e conceptos económicos como ferramenta para argumentar economicamente, identificar os problemas económicos e abordar a súa solución a través das políticas adecuadas a cada situación
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecemento dos principios económicos, dos mecanismos de toma de decisión económica por parte dos distintos axentes e da súa interacción no mercado	A2	C13	D1
	A3	C14	D3
	A4		

<b>Contidos</b>	
Tema	
Módulo A: Introducción	1. Os dez principios da economía. 2. Pensar como un economista.
Módulo B: Oferta e demanda I: como funcionan os mercados	3. Oferta e demanda: as forzas do mercado. 4. A elasticidade e as súas aplicacións.
Módulo C: Oferta e demanda II: mercados e benestar	5. Os consumidores, os produtores e a eficiencia do mercado. 6. Aplicación: Os custes da tributación. 7. Fallos de mercado e a intervención do Estado.
Módulo D: A conduta do consumidor, da empresa e a organización da industria	8. A elección do consumidor. 9. Os custes de produción. 10. A empresa nos mercados competitivos. 11. A empresa nos mercados non competitivos.
Módulo E: Os datos macroeconómicos e a economía a longo prazo	12. Medición da renda dun país: o PIB. 13. Medición do custe da vida: o IPC. 14. A produción e o crecemento económico. 15. O desemprego.

<b>Planificación</b>			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	37.5	52.5	90
Resolución de problemas e/ou exercicios	10	45	55
Probas de tipo test	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a coa introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao estudante, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Metodoloxía que lle permite ao alumnado aprender de forma efectiva a través da realización de actividades de carácter práctico tales como exercicios e supostos mediante o uso do aprendido nas leccións maxistras. Os obxectivos desta técnica son: acadar unha maior competencia dos contidos aprendidos na teoría e ilustrar as súas potenciais aplicacións.

<b>Atención personalizada</b>	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	- Titorías individuais: Estas titorías terán lugar no despacho 5.19 e E.17 da Facultade de C.C. Empresariais e Turismo. O alumno disporá de 6 horas semanais, previamente fixadas polo profesor nas que poderá facer consultas relacionadas coa materia. O horario das titorías farase público ao comezo do ano académico. - Titorías vía correo electrónico: O alumno poderá escribir ao correo electrónico: mcaride@uvigo.es ou fidel@uvigo.es para consultar dúbidas urxentes. - Plataforma de docencia TEMA: O alumno tamén poderá consultar na plataforma TEMA: <a href="http://fatic.uvigo.es">http://fatic.uvigo.es</a> . Nela están dispoñibles os recursos pedagóxicos da materia e tamén se poden facer chegar as dúbidas que se consideren oportunas.

<b>Avaliación</b>				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Sesión maxistral	Exame escrito: haberá un exame parcial liberatorio de contido tanto teórico como práctico da primeira metade da materia na semana 9-10 e un exame final que se realizará na data oficial establecida no calendario de exames. Os alumnos que superen o exame parcial só terán que examinarse no exame final da segunda parte do programa. Os alumnos que non superen o exame parcial terán que examinarse de toda a materia no exame final. Resultado de aprendizaxe: Coñecemento dos principios económicos, dos mecanismos de toma de decisión económica por parte dos distintos axentes e a súa interacción no mercado.	60	A2 A3 A4	C13 C14 D1 D3

Resolución de problemas e/ou exercicios	Controis periódicos de resolución de exercicios que se realizarán nos grupos medianos. Realización de comentarios de texto e participación en debates. Resultado de aprendizaxe: Coñecemento dos principios económicos, dos mecanismos de toma de decisión económica por parte dos distintos axentes e a súa interacción no mercado.	40	A2 A3 A4	C13 C14	D1 D3
---	--	----	----------------	------------	----------

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Na 1ª oportunidade a nota final da materia constará de dous partes. Por unha banda, un exame escrito que ponderará un 60% da nota (6 puntos) e doutra banda, a avaliación continua que pesará un 40% na nota final (4 puntos).

Exame escrito (ata 6 puntos): Haberá un exame parcial liberatorio de contido tanto teórico como práctico da primeira metade da materia na semana 9-10 e un exame final que se realizará na data oficial establecida no calendario de exames. Os alumnos que superen o exame parcial só terán que examinarse no exame final da segunda parte do programa. Os alumnos que non superen o exame parcial terán que examinarse de toda a materia no exame final. A nota obterase como a media \*aritmética das dúas partes da materia ou, en caso de suspender o exame liberatorio, a nota do exame final.

Avaliación continua (ata 4 puntos): o 40% restante da nota obterase mediante avaliación continua coa realización de controis periódicos que consistirán na resolución de exercicios e que levarán a cabo nos grupos medianos. Considerarase que o estudante se acolle á avaliación continua cando se presente a algún control periódico. En caso contrario, os alumnos deberán realizar un exame escrito desta parte que consistirá na resolución de exercicios na data oficial establecida para o exame final.

Segunda oportunidade: Os alumnos que obteñan unha puntuación inferior a 5 puntos na nota global da 1ª oportunidade terán unha segunda oportunidade para superar a materia na data que aparece no calendario oficial de exames. Nesta 2ª oportunidade, o alumno deberá realizar un exame final cando suceda algunha das dúas circunstancias ou ambas: a) Cando no exame escrito realizado na 1ª oportunidade a puntuación sexa inferior a 3 puntos dos 6 máximos posibles. Neste caso o estudante deberá realizar un exame teórico-práctico que ponderará un 60% da nota total. b) Cando na parte de Resolución de exercicios da 1ª oportunidade a puntuación sexa inferior a 2 puntos dos 4 máximos posibles. Neste caso o estudante deberá realizar un exame escrito de resolución de exercicios cunha ponderación do 40% na nota total.

Na 2ª oportunidade conservarase a nota da parte da materia que o alumno tivese superada na 1ª oportunidade, xa sexa esta a parte escrita ou a avaliación continua.

NOTA IMPORTANTE: Tanto na 1ª como na 2ª oportunidade, para superar a materia o estudante deberá obter polo menos 2 puntos (sobre un máximo de 6 puntos) no exame escrito.

Fin de carreira: O alumno deberá superar un exámen teórico-práctico.

As datas nas que se celebrarán os exames finais serán as aprobadas por Xunta de Facultade para o curso 2015/16.

### Bibliografía. Fontes de información

Mankiw, N. G., **Principios de Economía**, 6ª edición, 2012,

Samuelson, P. A. e Nordhaus, W. D., **Economía**, 18ª edición, 2006,

Bernanke, B. S. e Frank, R. H., **Principios de Economía**, 3ª edición, 2007,

Polinsky, A. Mitchell, **Introducción al Análisis Económico del Derecho**, 1985,

Santos Pastor, **Sistema Jurídico y Economía. Una introducción al Análisis Económico del Derecho**, 1989,

Krugman, P., R. Wells y M. Olney, **Fundamentos de Economía**, 2007,

### Recomendacións

#### Outros comentarios

-É necesario traer o DNI ou documento análogo cando teña lugar a realización dos exames. O incumprimento deste requisito pode ter como consecuencia que o alumno non realice o exame en cuestión.

-Con carácter xeral, será necesario o uso de calculadora nas clases da materia e nos exames.

- Por razóns pedagóxicas é altamente recomendable a asistencia regular a clase (tanto ás clases teóricas como prácticas). Sen dúbida, a asistencia regular ás clases fará que a dificultade de superar a materia sexa notablemente máis baixa. Así, o

alumno poderá aproveitarse dun ritmo de traballo continuo e da exposición de contidos teóricos e prácticos feitos na aula polos seus compañeiros e o profesor.

-É moi recomendable o traballo en grupo. En particular, á hora de realizar os exercicios da materia pode ser frutífero intercambiar ideas sobre as dificultades atopadas; esta estratexia permitirá afondar nos coñecementos da materia.

---